




guía

DE LECTURA



A obra

Título **Soños de andel** / Autora **Susana Lamela** / Ilustradora **María Lires** / ADV, 17 / 56 páxinas

A autora

Susana Lamela Pérez naceu en Ponteareas en 1975. Estudou Maxisterio e Psicopedagogía en Santiago de Compostela. Comezou a súa andaina profesional como editora de libros de texto. Na actualidade dedícase ás tres cousas que máis lle gustan: ensinar aos nenos e ás nenas, escribir e coñecer novos lugares. Nesta mesma colección podes atopar *Andeis baleiros* (ALA DELTA VERMELLA, 20).

Argumento

Ani é un libro de contos tradicionais dos cinco continentes que vive na biblioteca de Lemoito. Mide 70 centímetros e ten 325 páxinas, algo que pode considerarse normal nun libro que recolle contos de tantos lugares. No entanto, Ani está triste porque ningún neno o leva para ler na casa. Por tal motivo, decide pórse a réxime, pero por máis que se esforza en cambiar de dieta e facer exercicio non é capaz de perder ningunha páxina. Cando xa perdeu a esperanza, unha nena chamada Mar cólleo do andel eponse a lelo na sala. Ao día seguinte a nena volve coa nai para que ela a axude a collelo e levalo para a casa. Ao final Ani vese co papeliño de emprestar e disposto a vivir moitas aventuras, sen importarlle máis que outros libros lle chamen gordo.

Comentario

Soños de andel aborda a conexión entre tres protagonistas: a biblioteca, os libros e os lectores. Ten como protagonista a un libro gordo que supera en número de páxinas a outros libros, o que dificulta ou impide que algún lector o leve para ler. E transmite que debemos animarnos a ler libros sen ter en conta o seu grosor, tendo en conta que gardan tipos de historias ben diferentes: de aventuras, de misterio, de piratas...

Temas

- A importancia da lectura e a riqueza que gardan os libros.
- A utilidade dos servizos públicos, como as bibliotecas.
- A necesidade de vivir aventuras.
- A seguridade nun mesmo.
- O pouco rigor das aparencias e dos prexuízos.

Reflexións

O libro pon o acento sobre dous asuntos dispares motivados polos prexuízos: por unha banda, que cómpre non permitir que o grosor ou a extensión dun libro condicione a selección dunha lectura; por outra, mediante unha asimilación, humanizando ese libro gordo, lémbra-nos a importancia de non vulgar a ninguén pola súa gordura.

Así mesmo, fai reflexionar ao lector sobre o aspecto dos libros e os segredos que agochan no seu interior. E incide na diversidade temática e no seu coidado como algo fundamental. A autora atende ao aspecto visual de Ani e aos conceptos de frío e calor, tristeza e felicidade, personificándoos, e centra o argumento na biblioteca e nas relacións entre libros e lectores, mantendo como algo atraente a temática que cada un ofrece.

Imos despegar



1. No libro hai unha serie de nomes de lugar: Lemoito, Lepouco, Leracotío e Lerasveces. Están formados pola unión de dúas palabras. Poderías nomear cinco palabras compostas?

limpa

porta

mata

tira

para

2. Relaciona os enunciados polo seu contido.

a) A bibliotecaria é moi friorenta

b) Ani leva un sombreiro na cabeza

c) A nena escolle a Ani do andel

d) Na vila de Lemoito hai unha biblioteca

e) Ani ponse a réxime e comeza a facer exercicio

1. Mar le un libro nunha das mesas da sala de lectura

2. A vila está situada no val de Lepouco

3. Hai unha cheminea que está acesa todo o ano


4. Na cuberta do libro o protagonista cobre a cara ao estar triste

5. O libro quere adelgazar

En pleno voo




1. Ordena as ilustracións e describe o que pasa nelas.









2. Debuxa a cara de Ani sen o sombreiro.



1. Di se os seguintes enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F).

- a) Ani está contento porque o levan sempre para a casa.
- b) As nenas pensan que é un libro moi gordo.
- c) Ani ten historias de aventuras que descubren novos mundos.
- d) Ani ten 429 páxinas e mide 40 centímetros.
- e) Ani ten 325 páxinas e mide 70 centímetros.
- f) Á bibliotecaria dóbranselle as mans polo frío e pónselle cara de pingüín.

2. Debuxa un mapa no que saia o val de Lepouco, o camiño que vai de Lerasveces a Leracotío, e mais a vila de Lemoito coa súa biblioteca.

Obradoiro de creatividade

1. Do dereito.

Nas bibliotecas, os libros adoitan estar ordenados. Fíxate no libro de lectura e fai unha pequena ficha, escribindo nela o título, o autor, o nome do ilustrador, a editorial que o edita e o número de páxinas que ten.

FICHA DE LECTURA	
Título do libro:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Ano de publicación:
Número de páxinas:

2. Do revés.

Agora dálle a volta e mira que pon na contracapa. Indica que información se dá.

.....



Suxestións de actividades

Imos despegar

- **Visitante frecuente?** Antes de iniciar a lectura podemos preguntarlles aos alumnos se acoden á biblioteca municipal e con que frecuencia van, se len libros fóra da escola, se os seus pais len ou cantos libros teñen na casa. Segundo a información que dean, poderemos reforzar a lectura e o coñecemento das bibliotecas, coa posibilidade de facer algunha saída para coñecer unha in situ. Se isto non é posible, visitamos a biblioteca do centro e explicámoslles o funcionamento.
- **Un dicionario propio.** Incidiremos nas vantaxes do uso do dicionario e en que é necesario que procuren nel as palabras que non saben que significan. E crearemos un pequeno dicionario: cada neno propondrá unha palabra que lle resulte curiosa e engadirémoslle a súa definición.

En pleno voo

- **E ti de que vas?** Trataremos a temática dos libros na aula. Falarémoslles de libros coñecidos de distintos xéneros, de autores de fóra e de autores galegos... Proporemos que imaxinen que son escritores e que van facer un libro. Podemos preguntarlles en que lingua o escribirían, cantas páxinas pensan que serían capaces de facer, que é unha imprenta, quen edita os nosos libros, que é unha ilustración e quen as fai, se ilustrarían eles os seus libros, etc.
- **Imos facer un libro.** Entre todos construiremos primeiro o argumento. Podemos axudarnos de exemplos: de historias próximas a nós, da histo-

ria da nosa vila, dalgún autor ou autora relevante da nosa localidades ou daquel a quen lle dedican o Día das Letras. O obxectivo é escribir un número mínimo de dez páxinas. Ilustrarémolas e deseñaremos a capa e a cuberta. Unha vez rematado o traballo, coserémolo ou encadernarémolo manualmente con axuda de fío, pegamento ou grampas.

Aterrando

- Durante o curso escolar podemos realizar coa clase unha visita a unha biblioteca. Logo da visita, cada alumno deberá facer unha descrición da sala de lectura e dos bibliotecarios. Ademais, organizarémolos por grupos e pedirémoslles que contesten preguntas tales como as normas de comportamento que deben cumprirse nun recinto bibliotecario, que datos debe incluír un carné de biblioteca e a que dá dereito, ou cantos libros hai rexistrados na biblioteca. Igualmente, pódeseles pedir que leven preparadas algunhas preguntas para a visita, como cal é o libro da sección infantil que máis levan para a casa, que actividades, á parte de ler, se organizan nela ou, se hai ordenadores, como funciona a procura dos libros.

Cómpre animar os nenos a que visiten pola súa conta as bibliotecas, que escollan un libro acorde á súa idade e gustos –ou que lle pidan axuda a un empregado da biblioteca– e que o leven para a casa, lembrando que deben respectar a data de devolución.



Solucionario

Imos despegar

1. limpabotas, limpaparabrisas, limpachemineas; matacandís, matapiollos, matarratos; paracaídas, parachoques; portaavións, portafolios, portaminas; tiracroios, tiraliñas, tirarrollas.
2. a-3; b-4; c-1; d-2; e-5.

En pleno voo

1. Solucións.

- c) A bibliotecaria quentándose na cheminea por mor do frío.
- d) O peso e a altura de Ani.
- a) Ani facendo exercicio.
- b) Ani consegue que lle poñan o papeliño de entrada e saída da biblioteca.

Aterrando

1. a.=(F); b.=(V); c.=(V); d.=(F); e.=(V); f.=(V).

Obradoiro de creatividade

2. Un breve resumo da obra e a biografía da autora.

Fragmentsos especiais

Ani é un libro un pouco rariño, pero, iso si, ten o seu aquel. Se o queres atopar é ben fácil, porque é máis alto ca os demais libros e leva un chapeu de moitas cores que lle cobre case toda a cara.

Os seus compañeiros din que é para que os nenos non vexan que está triste, moi triste.

Está tan contristado que as bágoas lle caen polas meixelas. ¿Sabedes por que? Porque ninguén, ninguén o quere levar á súa casa.

(páxinas 12-13)

Pero ocorreu que un deses días en que a todo o mundo lle apetece estar a xogar nos parques, enredar polos camiños e polas leiras, a nena volveu acompañada da súa nai.

Percorreu con ela toda a biblioteca ata que chegou onda Ani. Logo sinalouno e dixo:

—Mamá este é o libro do que che falei, o que quero levar a casa, pero non podo con el. ¡Pesa moito!

—Non te preocupes, Mar, xa cho levo eu
—respondeulle a nai.

(páxina 51)